

DOMINGO 06 PASCUA CICLO C

PRIMEIRA Feit 15, 22-29

Decidimos, o Espírito Santo e máis nós, non impoñervos máis cargas que as precisas

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Os apóstolos e os responsables de acordo con toda a Igrexa, decidiron elixir algúns de entre eles e mandalos a Antioquía, xunto con Paulo e Bernabé; Xudas, chamado Barsabás, e Silas, homes que destacaban entre os irmáns. E por medio deles mandaron esta carta:

"Os irmáns apóstolos e responsables saúdan aos irmáns de orixe pagá, que están en Antioquía, Siria e Cilicia. Somos sabedores de que algúns, saídos de aquí e a quen non demos mandato ningún, andan por aí desacougándovos coas súas palabras; decidimos escoller uns delegados e mandárvolos, xunto cos nosos benqueridos Bernabé e Saulo, que teñen dedicado a súa vida á causa de noso Señor Xesús Cristo; mandámosvos, logo, a Xudas e Silas, que vos dirán de palabra as mesmas cousas. Porque decidimos, o Espírito Santo e máis nós, non impoñervos máis cargas que as precisas: absterse de carnes ofrecidas aos ídolos, do sangue, de animais afogados e da unión deshonestas; faredes ben en gardarvos destas cousas. Saúde".

SALMO RESP. Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8

R/ (4): *Lóuvente, Deus, os pobos, lóuvente os pobos todos.*

Deus se apiade de nós e nos bendiga,
móstrenos a luz da súa presenza.
Que se coñezan na terra os seus camiños
e en todos os pobos a súa salvación.

Alégrense e canten as nacións,
porque ti governas os pobos rectamente
e guías na terra as nacións.

Lóuvente, Deus, os pobos,
lóuvente os pobos todos.
Que Deus nos bendiga e que o teman
os confíns todos do mundo.

SEGUNDA Ap 21, 10-14. 22-23

Mostroume a santa cidade que descendía do ceo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA APOCALIPSE DE SAN XOÁN

Levoume en espírito á cima dun monte moi grande e alto e amosoume a cidade santa, Xerusalén, que baixaba do ceo de onda Deus; tiña a gloria do mesmo Deus. O seu resplandor imitaba o dunha pedra moi preciosa, unha pedra cristalina de xaspe. Tiña unha muralla grande e alta con doce portas de entrada; e enriba das portas doce anxos; e escritos nelas os seus nomes, que son os das doce tribos de Israel: tres portas polo Nacente, tres portas polo Norte, tres portas polo Mediodía e tres portas polo Poñente. A muralla da cidade tiña doce alicerces e sobre os alicerces, doce nomes, que son os dos doce Apóstolos do Año.

Nela non vin santuario ningún, porque o seu santuario é o Señor Deus, que todo o sostén, e mailo Año. A cidade non precisa sol nin lúa que a ilumine, que a ilumina a gloria de Deus; e o Año é a súa lámpada.

ALELUIA Xn 14, 23

*Quen me ama, cumprirá a miña palabra, di o Señor;
e o meu Pai amaraos e viremos a el*

DOMINGO 06 PASCUA CICLO C

EVANXEO Xn 14, 23-29

O Espírito Santo recordaravos todo canto vos dixen

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Dilles Xesús aos seus discípulos:

-Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amaraos, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou.

Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen. Déixovos a paz, douvos a miña paz: eu non vola dou coma o mundo a dá. Non vos angustiedes, nin teñades medo. Oístes que vos dixen "voume e logo volvo onda vós". Se me amasedes, alegrariádesvos de que eu vaia onda o Pai, xa que o Pai é máis ca min.

Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que, cando suceda, creades.